

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 02/05/2023

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 10:00 do día 02/05/2023, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Designación por sorteo, se procede, dos Presidentes e Vogais das Mesas Electorais, que se constituirán na xornada de votación do día 28 de maio de 2023, con motivo das eleccións locais.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Juan Luis Núñez Tourís utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

Realiza o sorteo para elixir os membros das Mesas Electorais a funcionaria municipal dona M^a Carmen Cores Miguens.

1.- DESIGNACIÓN POR SORTEO, SE PROCEDE, DOS PRESIDENTES E VOGAIS DAS MESAS ELECTORAIS, QUE SE CONSTITUIRÁN NA XORNADA DE VOTACIÓN DO DÍA 28 DE MAIO DE 2023, CON MOTIVO DAS ELECCIÓNS LOCAIS. Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Polo Real Decreto 207/2023, de 3 de abril, se convocan Eleccións Locais, para o 28 de maio de 2023 sendo preciso realizar un sorteo público para a designación dos membros de Mesas Electorais, para o que se utilizará o Censo electoral vixente, cerrado o día 31 de xaneiro de 2023, que contén as variacións producidas no Padrón de habitantes ata o día 30 de xaneiro de 2023.

No Concello de Vilagarcía de Arousa elíxense 21 Concelleiros/as sendo preciso celebrar un sorteo para a formación das Mesas Electorais que se constituirán o día da xornada de votación. Unha vez celebradas as eleccións, reúnese a Corporación, previa proclamación dos/as Concelleiros/as electos/as o 17 de xuño de 2023

O artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, 5/1985, de 19 de xuño, modificada pola Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, establece o seguinte:

"O/A Presidente/a e os/as vocais de cada Mesa son designados/as por sorteo público entre a



totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días.

O/A Presidente/a deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

Da mesma forma procédese ó nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa"

A última reforma lexislativa en materia electoral produciuse a raíz da Lei Orgánica 12/2022, de 30 de setembro de reforma da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREG), para a regulación do exercicio de voto polos españois que viven no estranxeiro (BOE de 3 de outubro de 2022).

Coa reforma do artigo 75 (LOREG) se suprime o requisito de que os españois residentes no estranxeiro teñan que solicitar ou rogar o voto, o que permitirá que todos reciban a documentación de oficio no seu domicilio. O depósito do voto realizarase en urna e mantén a posibilidade de enviar o voto por correo postal á oficina consular.

Esta modificación afecta aos españois que residan no estranxeiro e queiran exercer o seu dereito de sufraxio activo nas eleccións xerais, autonómicas, as asembleas das cidades autónomas de Ceuta e Melilla e ao Parlamento Europeo.

Por outra banda, nas eleccións municipais corresponde o dereito de sufraxio aos españois maiores de idade que figuren inscritos no Censo de Españois residentes en España (Art. 2 LOREG).

Así mesmo gozan do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais os residentes estranxeiros en España cuxos respectivos países permitan o voto aos españois en ditas eleccións, nos termos dun tratado (art. 176 LOREG).

Así mesmo, gozan do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais todas as persoas residentes en España que, sen ter adquirida a nacionalidade española:

1. Teñan a condición de cidadáns da Unión Europea segundo o previsto no parágrafo 2 do apartado 1 do artigo 8 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.
2. Reúnan os requisitos para ser elector esixidos na LOREG para os españois e teñan manifestada a súa vontade de exercer o dereito de sufraxio activo en España.

O Goberno comunicará á Oficina do Censo Electoral a relación de Estados estranxeiros cuxos nacionais, residentes en España, deban ser inscritos no censo.

A Ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ditou a Orde ETD/1057/2022, de 3 de novembro, pola que se modifica a Orde EHA/2264/2010, de 2 do xullo, pola que se ditan normas e instrucións técnicas para a formación do censo electoral de residentes en España que sexan nacionais de países con acordos para as eleccións municipais (BOE de 5 de novembro de 2022).

A relación de países con Acordos en vigor sobre participación nas eleccións municipais dos nacionais de cada país residentes no territorio do outro inclúe a Bolivia, Cabo Verde, Colombia, Corea, Chile, Ecuador, Islandia, Noruega, Nueva Zelandia, Paraguay, Perú, Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda del Norte e Trinidad y Tobago.

Tendo en conta o exposto, esta Alcaldía ven en propoñer ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Que a realización do devandito sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 54 mesas electorais, en total 486 persoas se realice a través do programa informático denominado WINTASK ELECCIÓN, polos/as funcionarios/as municipais encargados/as de tal función, no período sinalado pola Xunta Electoral de Zona, é dicir, entre os



días 29 de abril ao 3 de maio. Debendo estar efectuadas as notificacións das designacións e entrega de manuais aos membros das mesas nos primeiros tres días seguintes a partir do sorteo. Vilagarcía de Arousa, á data da sinatura electrónica.

O ALCALDE - PRESIDENTE;

Alberto Varela Paz.

A continuación realízase na sesión plenaria o sorteo pola funcionaria Dona M^a Carmen Cores Miguéns entre un total de electores de 30.523.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as asistentes ao Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Que a realización do devandito sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 54 mesas electorais, en total 486 persoas se realice a través do programa informático denominado WINTASK ELECCIÓN, polos/as funcionarios/as municipais encargados/as de tal función, no período sinalado pola Xunta Electoral de Zona, é dicir, entre os días 29 de abril ao 3 de maio. Debendo estar efectuadas as notificacións das designacións e entrega de manuais aos membros das mesas nos primeiros tres días seguintes a partir do sorteo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230502&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:20 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.

